

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP SAN SALVADOR

CURSO: 4º PRIMARIA

MATERIAS: LINGUA GALEGA E CASTELÁ, MATEMÁTICAS, CIENCIAS  
NATURAIS E SOCIAIS, ED. PLÁSTICA E VALORES SOCIAIS E CÍVICOS.

DEPARTAMENTO:

DATA: 05/05/2020

## ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020	PÁXINA 1 DE 7	CENTRO:CEIP SAN SALVADOR CURSO:4º PRIMARIA MATERIA:LINGUA GALEGA E CASTELÁ, MATEMÁTICAS, CIENCIAS SOCIAIS E NATURAIS
--	---------------	--

<b>1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles</b>	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
LC - B1.3. Expresarse con coherencia básica de forma oral e escrita para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións.	LCB2.2.1. Distingue, de forma xeral, entre as diversas tipoloxías textuais en textos do ámbito escolar e social. LCB2.2.2. Resume textos lidos, de diferente tipoloxía, adecuados a súa idade e reflectindo a estrutura e destacando as ideas principais.
LC - B1.5. Recoñecer o tema e as ideas principais dos textos orais e escritos sinxelos.	LCB1.5.1. Comprende de forma global a información xeral de textos orais de uso habitual, do ámbito escolar e social, identifica o tema e selecciona as ideas principais LCB1.5.3. Responde preguntas correspondentes á comprensión literal
MT-B1.2. Utilizar procesos de razoamento e estratexias de resolución de problemas, realizando os cálculos necesarios e comprobando as solucións obtidas	MTB1.2.1. Reflexiona sobre o proceso de resolución de problemas: revisa as operacións utilizadas, as unidades dos resultados, comproba e interpreta as solucións no contexto da situación, busca outras formas de resolución etc
MT-B2.4. Coñecer, utilizar e automatizar algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división con distintos tipos de números, en comprobación de resultados en contextos de resolución de problemas e en situacións da vida cotiá.	MTB2.4.1. Emprega e automatiza algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división (de ata dúas cifras) con distintos tipos de números, en comprobación de resultados en contextos de resolución de problemas e en situacións cotiás.
LG- B2.1. Comprender, localizar e seleccionar información explícita en textos escritos de soportes variados (web infantís, libros, carteis).	LGB2.1.2. Identifica as ideas principais dun texto (narrativo, descritivo, expositivo) adecuado á súa idade LGB2.1.3. Busca, localiza e selecciona información concreta dun texto sinxelo, adecuado á súa idade
LG- B3.2. Crear textos sinxelos de diferente tipoloxía que permitan narrar, describir e resumir emocións e informacións relacionadas con situacións cotiás e aqueles que sexan característicos dos medios de comunicación.	LGB3.2.3. Elabora diferentes tipos de textos (narrativos, expositivos, descritivos) seguindo un guión establecido. LGB3.2.5. Resume o contido de textos sinxelos propios do ámbito da vida persoal ou familiar ou dos medios de comunicación.
CN- B1.2. Establecer conxecturas de sucesos ou problemas que ocorren no seu contorno por medio da observación e obter unha información.	CNB1.2.1. Establece conxecturas de sucesos ou problemas do seu contorno, empregando medios propios da observación para obter unha información.
CN- B2.2 Identificar e explicar as consecuencias para a saúde e o desenvolvemento persoal de determinados hábitos de alimentación, hixiene, exercicio físico e descanso	CNB2.2.1. Identifica e adopta hábitos de hixiene, de descanso e de alimentación sa e diferencia prácticas e mensaxes que son contraproducentes para a saúde. CNB2.2.2 Identifica e valora as súas habilidades persoais.

CS- B3.4. Valorar a diversidade cultural, social, política e lingüística do Estado español respectando as diferenzas	CSB3.4.1. Recoñece, partindo da realidade do estado español, a diversidade cultural, social, política e lingüística nun mesmo territorio como fonte de enriquecemento cultural
CS- B4.5. Desenvolver a curiosidade por coñecer as formas da vida humana no pasado, valorando a importancia que teñen os restos para o coñecemento e estudo da historia e como patrimonio cultural que hai que coidar e legar.	CSB4.5.1. Identifica, valora e respecta o patrimonio natural, histórico, cultural e artístico e asume as responsabilidades que supón a súa conservación e mellora.
EP-B2.1. Coñecer e utilizar materiais, técnicas e códigos diversos que se utilizan nas producións artísticas	EPB2.1.1. Representa formas naturais e artificiais con diferentes formas, cores, texturas e materiais
VSC-B2.1. Expresar opinións, sentimentos e emocións, empregando coordinadamente a linguaxe verbal e non verbal	EPB2.1.3. Utiliza as cores, as mesturas e a tonalidade con sentido estético, de forma cada vez máis autónoma
	VSCB2.1.1. Expresar con claridade e coherencia opinións, sentimentos e emocións.

Pode facerse tamén seguindo o modelo que se teña na programación didáctica respectiva

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020	PÁXINA 3 DE 7	CENTRO: CEIP SAN SALVADOR CURSO: 4º PRIMARIA MATERIA: LINGUA GALEGA E CASTELÁ, MATEMÁTICAS, CIENCIAS SOCIAIS E NATURAIS
---	---------------	--

<b>2. Avaliación e cualificación</b>	
<b>Avaliación</b>	<p>Procedementos: terase en conta a avaliación inicial (para coñecer o punto de partida), a formativa (para coñecer os avances, logros e dificultades) e a final (para coñecer o nivel alcanzado en cada momento do proceso de ensino-aprendizaxe).</p> <p>As técnicas para levar a cabo a avaliación serán a observación directa e sistemática (antes do período de confinamento) e a valoración do traballo diario, tarefas realizadas, contacto directo con familias e alumnado, actividades de comprensión lectora, lóxica e cálculo... Co fin de reforzar e apoiar, afianzar e reforzar durante o 3º trimestre os contidos tratados no 1º e 2º trimestre.</p>
	<p>Instrumentos: caderno do mestre, traballos orais e escritos e/ou portfolios. No 3º trimestre dende a titoría farase un arquivo dixital con todos os traballos e tarefas realizados polo alumnado.</p>
<b>Cualificación final</b>	<p>A cualificación final do alumnado establecerase tendo en conta os avances e traballos elaborados no 1º e 2º trimestre; servindo o 3º trimestre como reforzo, recuperación e apoio dos contidos dados ata o momento, seguindo as instrucións establecidas pola Consellería de Educación.</p>
<b>Proba extraordinaria de setembro</b>	
<b>Alumnado de materia pendente</b>	

### 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

<b>Actividades</b>	<p>As actividades a levar a cabo tratarán de ser globais, variadas e interdisciplinares. Tratarán de afianzar as aprendizaxes xa tratadas durante o 1º e 2º trimestre.</p> <p>Levarán a cabo pequenas composicións escritas axeitadas a súa idade e xa traballadas de maneira presencial (textos descritivos, resumos, redaccións...), actividades de comprensión oral e escrita, actividades interactivas, xogos educativos, manualidades sinxelas que estimulen a súa imaxinación e creatividade, vídeos educativos, recomendacións lectoras axeitadas a súa idade...</p>
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>	<p>O medio de contacto co alumnado será a través do blogue de aula: "El mundo en mi pc", do cal xa coñecían o seu manexo xa que o levan utilizando dende o comezo do curso como apoio as aprendizaxes diarias da clase (que está directamente enlazado a través do blogue creado polo colexio).</p> <p>Todo o alumnado de 4º posúe conectividade, pero para algúns é moi limitada, xa que soamente dispoñen dun dispositivo móbil dos proxenitores, polo que presentan dificultades para levar a cabo as tarefas de maneira adecuada.</p> <p>Así mesmo, dende a titoría trátase de dar a atención máis personalizada posible a través do correo electrónico, ao cal as familias e o alumnado envían as tarefas, inquedanzas e todas aquelas dúbidas e inquedanzas que poidan xurdir.</p> <p>Nalgúns casos moi específicos, foi preciso o contacto telefónico coas familias do alumnado.</p>
<b>Materiais e recursos</b>	<p>Os materiais que o alumnado debe utilizar son os cadernos das distintas áreas.</p> <p>Tendo en conta a situación de suspensión das clases presenciais, deben tamén ter conectividade así como un dispositivo que lles permita acceder as tarefas remitidas polo centro (tablet, teléfono móbil, ordenador, portátil...).</p> <p>Os recursos a utilizar tratarán de explotar ao máximo as posibilidades que ofrece o mundo dixital (vídeos e xogos educativos, actividades interactivas, contacto directo a través do blogue e o correo electrónico...) co fin de facilitar o proceso de ensino- aprendizaxe o máximo posible.</p>

<b>4. Información e publicidade</b>	
<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	A información ao alumnado e ás familias lévase a cabo a través da páxina web do centro educativo, dos blogues educativos utilizados para o traballo das distintas tarefas e actividades, do correo electrónico que todo o profesorado do centro puxo a disposición de familia e alumnado, da aplicación informática de contacto coas familias e a través do teléfono do centro que está operativo durante todo o período.
<b>Publicidade</b>	Na páxina web do centro lévanse a cabo todos os anuncios xerais e relevantes que afectan a familia e alumnado.